

## Dúas notas sobre poesía

**Fidel Vidal**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

VIDAL, FIDEL (2011 [1992]). “Dúas notas sobre poesía”. *Boletín Galego de Literatura*: 7, 89-96. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/390>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

VIDAL, FIDEL (1992). “Dúas notas sobre poesía”. *Boletín Galego de Literatura*: 7, 89-96.

\* Edición dispoñíbel desde o 18 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## Dúas notas sobre poesía

*Fidel Vidal*

### Degustación<sup>1</sup>

Este é un banquete inconcluso pero non fragmentado, senón en plena creación e, polo tanto, “en plena celebración”, en constante celebración do éxito dunha falsa vocación de fracaso. Este é o festexo imperecedeiro da sublimación dun infortunio enmascarado, porque onde nós non hai opción, ao dicir de X. M. Beiras no prólogo, á compracencia. Só a compracencia dará por rematada unha obra paralizándoa: entón é cando deixará de ser obra (obra de arte). Para Baudelaire a metade da arte está no transitorio, no fugaz, no continxente.

#### I

Acudide ao banquete da inqueda, da posta en marcha do espectáculo das roupas sucias que non se van lavar na casa de cadaquén, senón á vista de todos, nas prazas públicas, nas areas onde os cidadáns se transforman en gladiadores dispostos a sacaren das camas aos durmifentos e das fiestras aos contempladores. Participemos todos na loita do festín, colaboremos todos neste fermoso e estimulante banquete, nesta loucura que de tan corda tolea. Disposta a boca, templada a alma, comecemos. A boca, a oralidade, pola que a vida pode persistir máis alá das entrañas maternas. A boca pola que sae o primeiro berro de protesta, o primeiro grito para dicir que xa estamos aquí. Sairán pola boca os derradeiros arumes procedentes da fermentación do primeiro malo leite, tan axiña interiorizado, formando parte no proveitoso investimento na inxente obra que é a estruturación do equipamento básico da personalidade.

cusparamos irmá sobre as espadas da morte!  
que a miña boca deixe un cheiro a cervexa nos teus seos  
(p. 21, “Autorretrato”)

#### II

A través da boca o mundo é transformado en algo susceptible de ser chupado, que ma chupen, di o mundo, onde a morte está a mostrarse a cada intre. Cuspir,

---

1. Lino Braxe, *Banquete*, Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, 1990.

despreziar a morte non compartida, a morte en soidade, a frialdade do pasamento; nutrirse, inxerir a vida inacabable no nunca satisfeito desexo do redondo, compartir caricias anhelantes do morno. O morno é perigoso porque participa do compracente, do que nos pode adormentar e, dese xeito, caer na trampa da inactividade, da rutina e da inutilidade amorriñada, co risco de metamorfoseármonos en animais de borralla.

mentres eu  
imenso na miña tolemia  
bico cousas redondas  
(p.21, "Autorretrato")

afirmo que o meu amor  
non é morno  
                    nen doce

nen próximo ao silencio  
o meu amor  
é un berro putrefacto e corrompido

...

unha epidemia que me somete até o insulto  
un precipicio de ódio  
                    de noxo  
                            de suicidio  
                                    de beleza...!  
(p.38, "Epidemia")

### III

A náusea está connosco e non é preciso tragar nada para sentir a. Por estarmos fartos de comungar con rodas de muíño debemos dubidar das comuñóns. Todo vai mal, ¿como vai todo?, todo vai mal. A impotencia de ser a penas un beixo onde explotar o xeno máis tenro, onde trocar a febre en creatividade, e elixirse a si mesmo en pai, en pai e nai no nacemento, previo á fertilidade. Para Bachelard o home é unha creación do desexo, non unha creación da necesidade. ¿U-lo desexo?. ¿Onde atopar a esencia?. Talvez na fragmentación aínda non programada cara a un destino. Matar non o xérmolo senón o fragmento que podería participar no xerme: aí atoparedes a substancia máis tenra e máis mol.

mata o sémen dun futuro en poesía  
e acharás os meus beixos máis tenros  
(p. 50, "Banquete último")

ESTOU NO LABIO AMARGO DA NAUSEA  
son náusea, a derrotar-me, só.  
(p. 52, "Brechtiz")

#### IV

Acudide á apoteose da morte e das desfeitas, dos malpensados, dos que non precisan de xantares nin de ceas para se fabricar unha boa morea de merda, uns cagallóns de concurso (merda en bote do artista, hai tempo que a transvanguardia italiana adiantóusenos na idea). Nós endexamais teremos fame, énos consubstancial, non forma parte das necesidades senón dos conceptos, por eso nunca pertenceremos ás bandas dos famentos. Robert Walser (“Jakob von Gunten”) sabíao ben: “Os poderosos son os verdadeiros famentos”. Os poetas pertencen ao grupo dos xenerosos, dos bos e xenerosos, aos que non teñen medo de perder o tempo, onde a cobizosa fórmula “o tempo é ouro” non funciona. E escriben, escriben coma quen pare, á antiga, que sempre será moderna, con dor pero sen pesar. Máis que comer mastigan, morden, e proxectan o suicidio e o crime convulsionando por nós na búsqueda insensata dos principios.

fuxir do teu ventre con feroz obsesión  
(p. 91, “Aventura infantil -Parto-”)

sempre desexei regresar  
ao corpo  
onde nacín  
A. Ginsserg

preciso convulsionar o pulso dos principios  
(p. 97, “Eu/Contraseña”)

#### V

Para o psicoanálise existencial, que refuga o postulado da inconsciencia (A. Claurier), o feito psíquico é coextensivo á conciencia, e intenta determinar a elección orixinal (Sartre). A elección do delirio e do *delirium* como causa primeira do comezo dunha vida con capacidade de voar ata o refectorio dos deuses, e compartir con eles o grande banquete, con deuses escollidos, naturalmente, non calquera deus que nos poñan ou se nos acerquen, deuses á carta, a carta de viños á parte, unha longa carta de deuses cos que discutir a realidade, e descubrir a, participar no descubrimento da realidade como creación. Pero non esquezades que unha grande proeza non anulará a penosa sucesión de tódolos días (R. Walser. “Vida de poeta”).

e non morrer senón logo  
dun banquete cos deuses  
(p. 30, “Convidadón ao Banquete”)

#### VI

Fuxir do mundo para atopalo, antepoñer o manicomio á tolemia para non perdemos na alleante cordura. Elixir o lixo e os vómitos, empezar as cousas con

sentidiño, ou sexa sen el, porque a saúde recoñécese na prodedume, na obra que debulla para todos nós o poeta, porque o sentido último habita nela, o sentido último e íntimo (S. Doubrovsky) é preciso preguntarllo á obra. ¿Que nos pode dicir?. ¿Que máis queremos?. Estamos convidados e que cadaquén escolla, e os que non que se fodan. Aquí estamos todos na aventura da elección, que é a máis terrible aventura humana, ter que escoller cando non hai nada que escoller. ¿Que non hai nada onde escoller?. Estadés de chota''. Pasade as follas. Pasou o tempo dos pusilánimes.

comeremos pombas nun ar viciado  
(x. 41, "Chegado ao manicomio")

revestido de vómito e abandono  
mastico arcanxélico  
o desgarrador aroma dos mortos  
(p. 47, "Brynhilde...")

mentres os asesinos predicán  
un sinistro suicida toma un trago de lixo  
(p. 61, "Brecht")

\*\*\*

(V)ida e volta<sup>2</sup>

## I

O auténtico amor, o amor con autoridade, o amor *authentiques*, o que pode chegar ao absoluto, é sempre un amor nacido do incesto. O primeiro amor é, se existe, o amor da nai, o amor á nai, a través da relación previa a un proxecto de resultados dun desexo. Un amor fantasmático e ilusorio que se pode concretar na aparencia dun abrazo. O traslado da envoltura primaria, -onde o que conta é o contido, que todo ver ser un, unha unidade-, e que se completa na complementariedade da separación, ao abrazo no colo e na caricia da ollada. O vínculo persiste, continúa por mor do amor. O amor da nai onde a filla se identificará, para ser obxecto de desexo daquel, do outro que está e que está por chegar, para conseguir con el o abrazo que é retorno ó goce do desexo. Tense establecido, penso que por Tinbergen, que cando se rompe a relación, ou no caso en que xa nin ten lugar o contacto nai-fillo, como ocorre na súa máis dramática presentación como é a desconexión autística, unha

---

2. Tódolos poemas citados pertencen ó libro de Xavier Seoane, *Regreso e Advenimento*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1990.

das terapias a seguir é, se é posible, o abrazo primario, o abrazo completo, o abrazo absoluto, o abrazo enteiro e continuado coa nai. Misteriosos camiños que nos levan ao abrazo, ao necesario e imprescindible abrazo, porque é do abrazo que a vida nace ao vínculo e aos soños:

descoñeces qué camiños te trouxeron ao abrazo  
(p. 15)

ninguén pode tocar-te sen soñar  
(p. 16)

## II

O corpo acariciado é o lugar do encontro, onde o soño se realiza a través do outro en tanto un. Non é no terreo da imaxe especular onde o tocarse ten lugar, porque o tocar, mesmo de oído, ou a caricia, non pertencen ao especular, xa que o espello reflectirá a imaxe icónica, posible soamente na distancia da mirada. “Qué fermoso era amarse na cara do outro”, recórdanos G. Buffalino. Alguén queda prendido pola mirada, polos ollos do outro que sosteñen os meus, que máis alá do tempo preciso, devirán compromiso e faranse cómplices, complicaranse. É no contacto en que a distancia é a distancia máis curta. Desaparece. Na mirada tropézase co outro do que somos obxecto de mirada, co risco de caer na paranoia e, dese xeito, a fantasía poderase transformar en delirio. Cabe que poidamos ser obxecto de desexo especular, e movérmonos por vieiros narcisistas sen que o produto saia dun mesmo. Soñar co Outro que nos fará soñar ten lugar cando a mirada se complica, e/ou cando se perde a distancia entre un e o outro, e o outro/a sexa tocado/a, aínda só pola mirada.

mirada polo rio  
és percorrida do seu claro segredo  
(p. 20)

cantamos a ledice e harmonia  
de sermos un no outro  
(p. 28)

despe-te  
(p. 29)

## III

A pel é o máis profundo do ser humano, ao dicir de Valèry, e é nas profundidades onde a linguaxe se estrutura, onde a palabra acadará significantes coma expresións dun suxeito para outros significantes. Pola pel o mundo se erotiza, pola pel o mundo conecta co home e o home poderá ser corpo para o goce ao se engadir na imaxe da palabra. Poemas plásticos onde a acción zumega a imaxe da loita primaria dun corpo a corpo gozoso. Se a pintura pertence ao corpo, en tanto é a

máis inmediatamente sensual de tódalas artes (J. Berger), é a palabra a que fai posible catectizarse eroticamente, ser imaxe susceptible de ser *tocada* (como cando se acerca no xogo de submarinos antes de afundilos, ou como conexión primeira no xogo de mozos, toqueina, toqueille a man, antes de conseguir o abrazo, ou ferila, aquela que trae a marca de outro, ou chea de vida e fantasía preto da loucura, está *tocada*, ou de misticismo se quen a toca é a man dun deus), *tocada* pola palabra é polo que a cousa se crea, porque só a palabra, o Nommo, ten a forza creativa capaz de transformar a cousa en imaxe (J. Jahn).

tés as mans perplexas de tocar  
férteis os ollos de soñar e acariciaren

(p. 17)

adormecer  
na tua pele  
sentindo erguer-se o peso das colleitas  
o rumor da erva acariciar-che o pelo

derrama-se a palabra dos astros na tua pele

(p. 25)

#### IV

O verbo precédenos. Por eso nacer é nacer nos o verbo, ser parido por el, polo verbo poético, coma mentira que nos achegará á verdade, ao corpo tocado, único lugar onde a verdade -¿qué demos é eso da verdade?- ten presenza: “Non hai escritura sen mentira e a escritura é o camiño de Deus”, ensina E. Jabès. O momento da verdade non se da máis que no territorio do corpo tocado, magreado, ou toucado, coa touca enriba da cabeza, peiteado, con aires de disface - de novo a imaxe-, para cubrir ou encubrir aquilo que, se queremos permanecer na castidade -que extraña forma de perversión-, non se debese cubrir, xa que logo as catexias se poñen en marcha, e a *toca*, a cousa, ou a palabra, quedará erotizada.

Abrir os brazos, saber do outro, saber da imaxe do outro, antes de que o outro se faga presente, porque xa está na palabra, entón baleira -¿existen palabras baleiras?-, sen sabelo, para que a palabra quede chea de corpo ó tocalo, intre no que o nacemento é posible. Porque nacer é nacer ao verbo, onde se poden coñecer as raíces propias por mor de coñecer as túas.

abrindo os brazos ao asombro de saber-te  
toquei o teu corpo  
nacin ao verbo

(p. 21)

saber do sol que alenta na tua pele  
o teu corpo sentir pàtria do meu

deixa-me ir às nacentes do teu corpo  
tocar as insondáveis raíces do teu ser  
(p. 24)

só en ti despertarei do esquecemento  
(p. 37)

leva-me a esa fronteira que non limita a morte  
revela-me as nacentes onde o universo abrolla  
(p. 38)

## V

Se hai goce non é porque exista vida senón porque hai posibilidades de morte, e de aí a factibilidade do retorno, o advenimento e a fundación do amor no Outro, no outro. O suxeito afundido e fundado no outro, a través da pelexa como agonía gozosa. Cando alguén ama, todo é amor, di R. Musil, “aínda que vaia unido á dor e ao aborrecemento”. Sado/masochismo, Eros/Tanatos.

tecidos no labirinto  
os amantes son deuses que pelexan  
(p. 33)

A pulsión da morte non se manifesta senón en forma de erotismo porque desde sempre está “tinxida de erotismo” (Freud) (ver L.Bersani). En “Máis alá do principio do pracer”, Freud engade que “o principio do pracer parece, de feito, servir ás pulsións de morte”.

o amor é un río aberto entre dous scres  
a morte o regreso da suprema nudez  
(p. 33)

algo  
surxido en min das cinzas de este obscuro milagre  
for quen de te reter aquén do rapto

se puidese reter-te por acaso!...  
(pp. 42/43)

## VI

A morte, Amor/te, amo/r/te, ámote. Eros e Tanatos, unidos nese intre e por ese espacio, por esa barra, comunicados e non separados, como puidemos admirar no filme “O imperio dos sentidos”, onde a posibilidade do amor máis sublime estaba na liña de goce do éxtase orgásmico a carón da morte. A morte apareceu para facer



evidente que o desexo pertence á categoría do irrealizable. Se alguén pode pensar que o goce está asociado unicamente ao descenso da tensión, e que a morte supón reducila tensión a cero, segundo o principio do Nirvana, é que estamos a falar de cousas distintas. Por eso non pensamos como Leo Bersani cando acepta que o fenómeno do desexo é unha estratexia destinada a librar ao organismo de toda necesidade, porque o desexo non ten que ver coa fisioloxía nin coa homeostase. Todo desexo, asociado sempre ao sexual, será sempre un desexo insatisfeito.

Sempre o triunfo de Eros, o triunfo da vida, aínda que gañe Tanatos porque alí persistirá o Eros con máis forza se cabe, en forma de pulsión que parece acercarnos engañosamente á natureza, para regresarnos á natureza humana. A vida é mellor poeta que tódolos escritores, aposta R. Musil.

viver é o don mais leve -  
a dádiva mais fonda do estremecido ser

(p. 35)

A húmida terra, posible metáfora da derradeira cova, da morte, é antes que nada, na boca do poeta, na escritura do poeta, e na escritura de calquera, o lugar da fecundidade, da creación de boas novas, onde eros está a renacer á cotío, e onde o ser, e o ser parella, estase a inciar e iniciarse a cada pouco, nun canto de amor e espertares.

só en tí despertarei do esquecemento

(p. 37)

desenterra-me do tempo

inicia-me   regresa-me

dá-me o ser (p. 46)

*Fidel Vidal*

## Bibliografía

J. Berger, *Éxito y fracaso de Picasso*, Madrid: Ed. Debate, 1990.

L. Bersani, *Baudelaire y Freud*, México: F.C.E., 1982

G. Buffalino, *Perorata del apestado*, Barcelona: Anagrama, 1983.

E. Jabès, *El libro de las preguntas*, Madrid: Ed. Siruela, 1990.

R. Musil, *El hombre sin atributos*, Vol. I, Barcelona: Scix Barral, 1968.